

**BASES E PROCEDIMIENTO PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS  
PARTICIPANTES NO PROGRAMA “PLAN XUVENIL DE INTEGRACIÓN  
PROFESIONAL “MOCIDADE CON EMPREGO”**



ESTRATEGIA DE  
EMPRESARIADO E  
EMPREGO JOVEN  
*garantía juvenil*



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE LA PRESIDENCIA  
Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES

SECRETARÍA DE ESTADO  
PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES

## 1. OBXECTO.

O obxecto das presentes Bases é regular o procedemento a seguir na selección das persoas participantes no proxecto Plan Xuvenil de Integración profesional “Mocidade con Emprego” Santiago 2017-2020; cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través da Iniciativa de Emprego Xuvenil e a Garantía Xuvenil.

O proxecto Plan Xuvenil de Integración profesional “Mocidade con Emprego” Santiago 2017-2020 ten como obxectivo central: “Avanzar na construción colectiva dunha cidade inclusiva, solidaria e comprometida co desenvolvemento sociolaboral da súa mocidade, a través da creación de itinerarios formativos profesionais que creen e melloren as súas competencias técnicas e persoais mellorando a súa empregabilidade. Atendendo a criterios de:

- De emprego estable.
- De equidade no acceso ao emprego.
- De igualdade de oportunidades.

Os obxectivos específicos do Plan Xuvenil de Integración Profesional “Mocidade con emprego” son:

- Fomentar a cualificación profesional dos/as mozos/as mediante unha formación acreditada por Certificados de Profesionalidade. Adecuando a formación as necesidades formativas demandadas polo sector produtivo.
- Impulsar e/ou mellorar a formación en idiomas e manexo das TIC.
- Mellorar as súas competencias persoais e habilidades sociais.
- Incentivar a súa contratación e o acceso a un emprego sostible de calidade

## 2. DESTINATARIOS/AS:

### 2.1. NÚMERO DE PRAZAS E ESPECIALIDADES FORMATIVAS

Ofértanse 323 prazas para a totalidade do Proxecto Plan Xuvenil de Integración profesional “Mocidade con Emprego” Santiago 2017-2020, das cales 227 son para mulleres (70,27%). Das 323 prazas o 29,72% (96 prazas) corresponden a participantes con discapacidade, migrantes, de orixe estranxeira ou poboación xitana. ( 60 prazas para mulleres ).



ESTRATEGIA DE  
EMPRESARIADO Y  
EMPLEO JOVEN  
*garantía juvenil*



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE LA PRESIDENCIA  
Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES

SECRETARÍA DE ESTADO  
PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES

Dentro do proxecto Plan Xuvenil de Integración profesional “Mocidade con Emprego” Santiago 2017-2020, desenvolveranse 19 itinerarios profesionais de inserción, pertencentes as seguintes familias profesionais:

- Agroalimentario
- Actividades comerciais
- Actividades industriais
- Sector medio ambiente
- Sector enerxético
- Sector turismo e hostalería
- Servizos á comunidade
- Sector loxística

Dentro destes dezanove itinerarios hainos pertencentes aos tres niveis profesionais; así:

- 2 Itinerarios pertencentes ao nivel 1 (para mozos/as que non remataron a E.S.O).
- 7 Itinerarios do nivel 2 para mozos/as coa E.S.O ou equivalente.
- 10 Itinerarios do nivel 3 para mozos/as con Bacharelato ou equivalente.

Polo que das 323 prazas reservaranse 34 para mozos/as sen estudos, das cales 24 serán para mulleres. E o 29,72% do total para colectivos en risco de exclusión socio-laboral.

## 2.2. REQUISITOS MÍNIMOS PARA SER ADMITIDO/A NO PROGRAMA

Ser maior de 16 anos e menor de 30 estar desempregado/a, non estar integrado/a nos sistemas de educación ou formación e estar rexistrado/a no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Priorizaranse os/as mozos/as empadroados/as en Santiago, posto que o ámbito de aplicación do proxecto, en virtude do cal se concedeu a axuda do F.S.E., é a poboación do municipio de Santiago.

Tendo en conta que hai un nº limitado de prazas para persoas participantes sen estudos (-34 prazas -24 para mulleres e 10 para homes-), nestes casos priorizaranse as persoas con experiencia nos sectores do comercio e loxística (caixeiros/as, mozos/as de almacén, repoñedores/as) Excluíndose os/as mozos/as que xa teñan os certificados de profesionalidade de “Actividades auxiliares de almacén” e “Actividades auxiliares de comercio”.

## 3. CONVOCATORIA

Para a selección das persoas participantes procederase en primeiro lugar á petición de candidatos ao Servizo Galego de Colocación. Procedéndose a unha convocatoria pública no caso de non cubrirse o nº de prazas.

Para iso publicaranse as presentes bases na web da Axencia Local de Colocación [www.axencialocaldecolocacion.org](http://www.axencialocaldecolocacion.org) e na web do Concello de Santiago de Compostela: [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal) . O resto de publicación e anuncios relativos ao procedemento de selección do programa, realizaranse na web da Axencia Local de Colocación.

As inscricións das persoas interesadas faranse a través do aplicativo informático que se habilitará para tal fin.

No caso de ser preciso acudir a unha convocatoria pública, no anuncio da mesma indicaranse o prazo para realizar as inscricións on-line. Se no prazo publicitado seguen quedando prazas sen cubrir, manterase a convocatoria aberta ate que as prazas queden cubertas, publicándose a ampliación de prazo nas redes sociais da Axencia Local de Colocación.. Periodicamente indicaranse nas redes sociais da Axencia Local de Colocación o nº de prazas vacantes. Así mesmo indicarse a finalización do prazo de inscrición cando as prazas queden cubertas.

#### 4. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Con carácter previo á publicación das presentes bases constituirase unha Comisión de análise e diagnose que terá a función de entrevistar e avaliar a adecuación ao programa das persoas solicitantes.

A avaliación da Comisión de análise e diagnose xunto coa adecuación obxectiva á finalidade do programa por parte da persoa solicitante, serán os criterios que determinarán a súa admisión.

Posto que para determinados colectivos (persoas con discapacidade, migrantes, poboación xitana, mocidade sen estudos..) o nº de praza é limitado, atendéranse aos seguintes criterios de baremación para a súa admisión no programa:

<b>1. Adecuación ao posto</b>	<b>Máximo 5 puntos</b>
1.1) Avaliación da Comisión de análise e diagnose	Máximo 5 puntos
<b>2. Criterios obxectivos</b>	<b>Máximo 5 puntos</b>
2.1) Estar empadroad/a en Santiago de Compostela	Máximo 2 puntos
2.2).Ser parado/a de longa duración (Seis meses de antigüidade na demanda)	Máximo 1 punto
2.3).Experiencia nalgunha das especialidades (0,050 por mes)	Máximo 1 punto
2.4) Formación nalgunha das especialidades (0,10 por 100 horas)	Máximo 1 punto
As especialidades son: Agroalimentario; actividades comerciais, actividades industriais, sector medio ambiente, sector enerxético, sector turismo e hostalería, sector loxística.	



En caso de empate os criterios de desempate serán (por orde de prioridade):

1. Data de inscrición
2. Parado/a de longa duración
3. Pertenza a algún colectivo en risco de exclusión social.

Estes mesmos criterios aplicaranse no caso as haxa máis inscricións que prazas dispoñibles. Posto que as 323 prazas distribúense así:

MULLERES		HOMES	
Xeral	Colectivos en risco	Xeral	Colectivos en risco
167	60	60	36

Por estudos, estas 323 prazas distribúense así:

MULLERES			HOMES		
Sen ESO	Con ESO	Con Bacharelato	Sen ESO	Con ESO	Con Bacharelato
(24)	(85)	(118)	(10)	(34)	(52)

No caso de que o nº de candidatos/as enviados/as polo Servizo Galego de Colocación non sexan suficientes para cubrir as prazas, procederase a unha convocatoria pública. Unha vez anunciada a mesma abrirase un prazo para proceder a inscrición on-line a través do aplicativo informático habilitado para elo ó cal se accederá a través da web da Axencia Local de Colocación: [www.axencialocaldecolocacion.org](http://www.axencialocaldecolocacion.org).

A persoa interesada deberá cumprimentar tódolos campos e cuestionarios que figuren no mesmo. Unha vez inscrita, un técnico da Comisión de análise e diagnose poñerase en contacto con ela, indicándolle a data e lugar onde a Comisión de análise e diagnose lle realizará unha entrevista en profundidade para avaliar a súa adecuación á finalidade do programa. O día da entrevista deberá aportar os documentos orixinais acreditativos dos méritos alegados (certificado de períodos de inscrición no Servizo Galego de Colocación, contratos de traballo, informe de vida laboral, certificado de empadramento en Santiago e diplomas dos cursos).

Publicarase o listado de admitidos/as nos 15 días seguintes á finalización do prazo para inscribirse indicando o recurso administrativo, prazos e órgano ante o que interpoñelo.